

RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2023 do Tribunal cualificador do proceso selectivo de acceso libre, para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, convocado por Resolución do 22 de xuño de 2022, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o 16 de maio de 2023, o tribunal nomeado por Resolución do 28 de abril de 2023 (DOG núm. 88, do 9 de maio) para cualificar o proceso selectivo de acceso libre para o ingreso no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1 convocado por Resolución do 22 de xuño de 2022, (DOG núm. 121, do 27 de xuño), acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2.6. da convocatoria, que o primeiro exercicio da oposición terá lugar o 1 de xullo de 2023, en chamamento único que se iniciará ás 9 horas, no pavillón 1 da Feira Internacional de Galicia Abanca, en Silleda.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela,
Juan José Nieto Montero

Presidente do tribunal

